



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

DECRETO.-

Asunto: Aprobación de bases e convocatoria para a selección de promotor/a do uso da lingua galega para a creación dun servizo lingüístico para o agrupamento dos concellos de Carballedo e Chantada.-

Vista a resolución de data de 5 de xullo de 2021 publicada no DOG núm. 134 de 15 de xullo de 2021, ao abeiro da Orde do 24 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, publicada no DOG núm. 63 do 9 de abril de 2021 (código PL400A).

Coñecido o outorgamento, por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de subvención para a contratación de un/unha traballador/a para a promoción do uso da lingua galega ao Agrupamento dos Concellos de Carballedo e Chantada.

Atendida a necesidade da inmediata contratación de persoal para o cumprimento da amentada subvención para a creación e posta en funcionamento dun servizo lingüístico para a promoción da lingua galega, e a realización de actividades previstas na Orde de subvención de referencia.

Considerando a necesidade de proceder á maior urxencia á dita contratación para a cobertura inmediata do servizo, e ante a imposibilidade de esperar á próxima Xunta de Goberno Local. Considerando a conveniencia de aprobar o expediente por avocación de competencias, atendendo aos prazos de xustificación das axudas outorgadas, e conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local en materia de persoal, polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar as competencias previamente delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local para o presente acordo, e aprobar as bases segundo o anexo que se acompaña á presente resolución, así como a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, de un/unha promotor/a do uso da lingua galega para a creación dun servizo lingüístico para o agrupamento dos concellos de Carballedo e Chantada.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas correspondentes do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Publicar na páxina web do Concello de Carballedo no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego, e no taboleiro de anuncios do concello, o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Axente de emprego e desenvolvemento local para a súa tramitación, e ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Carballedo, 19 de xullo de 2021.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,

Asdo.: O Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

Asdo.: O Secretario, D. Fernando Torre Comesaña.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

"BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE UN/UNHA LINGÜISTA PARA A LEVAR A CABO OS TRABALLOS DE PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA. CREACIÓN DUN SERVIZO LIGÜÍSTICO NOS CONCELLOS DE CARBALLEDO E CHANTADA.

1.- OBXECTO:

Contratación laboral temporal a tempo parcial (50% da xornada, 20 horas/semana, de luns a domingo, xornada de tarde) por obra ou servizo determinado, modalidade establecida no art. 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Tipo de contrato: laboral, temporal a tempo parcial, por obra ou servizo determinado, vista a autonomía e sustantividade propia que supón a creación e posta en funcionamento do servizo de referencia. Trátase dun contrato, cuxa financiación é totalmente subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Sistema selectivo: Concurso-oposición.

Tempo de contrato: 2 meses e medio, aproximadamente.

Prazas: unha (1).

Retribucións: Segundo subvención outorgada.

Titulación requirida: Calquera das sinaladas no artigo 5.1.a) da citada Orde do 24/03/2021, publicada no DOG núm. 66 do 9 de abril de 2021.

- 1. Funcións: O/a aspirante seleccionado/a terá como función cubrir o posto de traballo para a realización de traballos tendentes á posta en funcionamento do servizo de referencia.**
- 2. Requisitos dos/das aspirantes: Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:**
 - a) Ser español/a. Os/as nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións sempre que acrediten xunto coa súa instancia na que solicitan tomar parte no proceso selectivo que, segundo o dereito comunitario, é de aplicación a libre circulación de traballadores neste sector.
 - b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
 - c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
 - d) Ter cumpridos 18 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.
 - e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
 - f) Estar en posesión de calquera das titulacións sinaladas no artigo 5.1.a) da citada Orde do 24/03/2021, publicada no DOG núm. 66 do 9 de abril de 2021.

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes deberán presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello de Carballedo, ou por calquera das formas admitidas en dereito, **no prazo de 4 días hábiles, desde o día 20/07/2021 ao 23/07/2021**. No caso de presentar a instancia nun rexistro diferente ao do concello, o/a aspirante deberá enviar mediante correo electrónico a adl@concellocarballedo.es unha copia completa da instancia xunto con toda a documentación necesaria, título de acceso e méritos a valorar, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias, aos efectos de que poida ser incluído/a na relación de admitidos/as.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

Publicidade da convocatoria.-

O texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria publicarase na páxina web do Concello de Carballedo, no apartado Áreas de interese – Oferta de emprego, e no taboleiro de anuncios do concello.

As bases conteñen o prazo de presentación de instancias, o modelo de instancia e de declaración responsable, os requisitos de acceso dos aspirantes, o procedemento de selección, o contido da fase de oposición, os méritos a avaliar na fase de concurso, así como toda a documentación que é necesario aportar para poder participar no proceso de selección.

Documentación a presentar polos/as candidatos/as:

A documentación a presentar polos/as aspirantes será a seguinte:

- **Anexo I: Modelo de instancia.**
- **Anexo II: Declaración responsable.**
- **Copia compulsada do DNI.**
- **Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos.** Respecto dos méritos relativos á experiencia, acreditaranse mediante certificados de empresa, de servizos prestados, contratos e/ou vida laboral actualizada ou calquera outro documento que posúa eficacia xurídica, legalmente formalizado e emitido, onde queden reflectidos expresa e claramente os servizos realizados. A vida laboral deberase xustificar cos documentos indicados neste punto.

Os/as aspirantes quedan vinculados/as aos datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de instancias o alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos ou excluídos, concedéndose, a partir do día seguinte un **prazo de un día hábil para a emenda** de defectos que motivaran a súa exclusión ou omisión da relación dos admitidos ou excluídos, que só poderá ser presentada por aspirantes que fosen excluídos.

En todo caso, esta resolución será exposta no taboleiro de anuncios do concello.

3.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

FASE DE OPOSICIÓN: 20 PUNTOS.

A fase de oposición, que terá **carácter eliminatorio**, consistirá na realización dunha **proba práctica** que suporá a realización da planificación actividades que se programen coa creación dun servizo lingüístico na Agrupación de concellos de Carballedo e Chantada.

Nesta proba empregarase o idioma galego, para desta maneira contribuír a fomenta-lo uso social e favorece-lo grao de restauración social da lingua galega. Valorarase a adecuación ás actividades previstas na orde de subvención pola que se regula a presente contratación.

Extensión máxima 4 páxinas por unha cara, no tempo máximo de unha hora.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e para superala será preciso acadar un mínimo de 10 puntos.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

Os programas a desenvolver nesta fase de oposición son:

1.- Dinamización do uso do galego entre a poboación en xeral, dirixido á poboación dos concellos de Carballedo e Chantada. Consistirá en promover actuacións encamiñadas a fomentar o uso do galego nas actividades cotiás da cidadanía, en todos os eidos: participación cidadá, participación política, ocio e tempo libre, sanidade e deporte, novas tecnoloxías, entre outros; prestándolle especial atención á poboación máis nova (nenos e mocidade). Accións ou actividades do programa:

a) Actividades de difusión da lingua galega entre a poboación en xeral: concurso literario, ben sexa poesía ou relato con temática proposta (igualdade, respecto polo medio ambiente, tradicións galegas, etc.) e marcando un rango de idade entre as persoas participantes, e o gañador recibirá un agasallo a determinar. Visita virtual polos lugares máis emblemáticos do concello coa súa correspondente explicación en galego.- Obxectivos: favorecer o contacto da poboación co idioma galego, e fomentar o uso do galego na vida cotiá.

b) Creación dun portal “Aprende con nos”: portal divulgativo breve no que se tratarán aspectos tanto a nivel ortográfico, morfosintáctico e léxico da lingua galega, no que non só se aprenda senón que tamén serva de entretemento.- Obxectivos: estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables no uso xeneralizado do galego, e promover a lingua galega en accións nas que se active a concienciación da igualdade en todos os seus aspectos.

2.- Fomento do uso do galego nos servizos sociais e nas tecnoloxías da información e da comunicación, dirixido á poboación dos concellos de Carballedo e Chantada. Consistirá en promover actuacións encamiñadas a fomentar o uso do galego nos servizos sociais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Accións ou actividades do programa:

a) Campaña informativa, divulgativa e publicitaria do servizo lingüístico: divulgación a través dos medios de comunicación da existencia do servizo, así como as súas funcións e tarefas, ademais de dar a coñecer todos os materiais que existan no servizo escritos en galego (revistas, libros, xornais, etc), e a elaboración de diferentes tipos de materiais, como marca páxinas, calendarios, blocs de notas, etc, a través dos que se publicita o servizo, e asesoramento en lingua galega nos diferentes departamentos da administración local.- Obxectivos: dar a coñecer o servizo lingüístico á poboación en xeral e as funcións que desempeña o técnico/a. Familiarización co idioma galego a través de libros, revistas, xornais, etc, escritas neste idioma. Fomentar a compra de material impreso en galego. Favorecer a lectura en galego. Fomentar o emprego do galego nos distintos departamentos da administración local cos usuarios destes servizos, para así evitar posibles erros.

b) Cursos de galego online para persoas que traballen nos servizos sociais: organización de cursos de galego segundo demanda e perfil das persoas participantes que lles permita mellorar nas relacións laborais cos seus usuarios.- Obxectivos: reforzar e potenciar o uso do galego nos servizos sociais como elemento optimizador do desenvolvemento laboral na prestación dos seus servizos e atender aos seus usuarios en galego.

FASE DE CONCURSO: A valoración dos méritos realizarase do seguinte xeito, sendo a máxima puntuación a obter na fase de concurso **7,00 PUNTOS** que se distribúen do seguinte xeito:

a) **Por experiencia Profesional: Puntuación máxima 4 puntos.**

- Por servizos prestados nas Administracións públicas en postos de traballos similares e directamente relacionados: 0,2 puntos por períodos iguais ou superiores a 6 meses, ata un máximo de 2,50 puntos.
- Por servizos prestados na empresa privada en postos de traballos similares: 0,1 puntos por períodos iguais ou superiores a 6 meses, ata un máximo de 1,50 puntos.

b) **Por cursos relacionados co posto a desenvolver. Puntuación máxima 1 punto:**

Serán valorados os cursos relacionados cos seguintes coñecementos: **linguaxe administrativa galega, sociolingüística e dinamización social, así como as formacións de posgrao en Planificación Lingüística (artigo 5.2. da Orde de referencia):**





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

- De 15 a 40 horas de duración: 0,10 puntos.
- De 41 a 70 hora. 0,20 puntos.
- De 71 a 100 horas: 0,30 puntos.
- De 101 a 200 horas: 0,40 puntos.
- De 201 horas en diante: 0,50 puntos.

Os cursos con menos de 15 horas ou sen especificar terán unha puntuación de 0,05 puntos.

Só puntuarán os cursos que teñan relación co posto e fosen impartidos polas Administracións Públicas, universidades, Servizo Público de Emprego/INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais.

Os cursos cunha antigüidade superior ós 10 anos non puntuarán.

c) Por titulacións: ata un máximo de 2 puntos.

Non se valorarán as que sexan precisas para o acceso á praza.

- Por doutorado/s: 1 punto.
- Por licenciaturas ou equivalentes: 0,5 puntos.
- Por diplomaturas ou equivalentes: 0,25 puntos.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao concurso-oposición, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas.

Unha vez realizada a proba selectiva, no mesmo día, o tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases, publicándose no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

O tribunal formulará proposta contratación a favor do/a candidato/a que obtivera máis puntos, fixando as puntuacións obtidas polos/as aspirantes, por orde de puntuación. A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer-los recursos previstos na vixente lexislación.

4.- CRITERIO DE DESEMPATE:

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á fase de oposición; de persistir o empate, e pola seguinte orde, experiencia profesional, cursos relacionados co posto a desenvolver, e por outras titulacións. Se tendo en conta todas estas circunstancias aínda continúa o empate, entón procederase á realización dun sorteo público para determina-la orde de puntuación.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballo.es adl@concellocarballo.es

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O tribunal cualificador será nomeado na resolución de Alcaldía pola que se aprobe a lista de admitidos/as e excluídos/as ao concurso-oposición.

Seralle de aplicación ao tribunal o previsto na lexislación vixente en canto ás causas de abstención e de recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de edictos do concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase a paridade entre homes e mulleres.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia.

6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PREVIA Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O/a aspirante seleccionado/a, presentará no rexistro do concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a comunicación que lle faga o concello para optar ao posto de traballo a seguinte documentación:

*Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo, entón o/a aspirante proposto deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, éste fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasa-la revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista segundo a orde de puntuación obtida no procedemento, tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

7.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, formalizarase o contrato entre o Sr. Alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello.





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Telés.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/D^a provisto/a de D.N.I. nº
con enderezo en núm. piso.....
C.Postal..... Localidade.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono /móbil..... /
Fax.....
Correo electrónico.....

Enterado/a do procedemento de selección para a contratación laboral temporal a tempo parcial de un/unha lingüista para levar a cabo os traballos de promoción do uso da lingua galega. Creación dun servizo lingüístico para o agrupamento dos concellos de Carballedo e Chantada.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a a dito procedemento, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que autorizo ao Concello de Carballedo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Carballedo, de de 2021

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: info@concellocarballedo.es adl@concellocarballedo.es

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a provisto/a de D.N.I. n.º.....
con enderezo en núm. piso.....
C.Postal..... Localidade.....Municipio.....
Provincia.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;
-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Carballedo, de de 2021.

Asdo.:

